

## **REPSOL E O IES DE PASTORIZA RECOÑECEN AOS ALUMNOS DO CENTRO POLO SEU LABOR AMBIENTAL**

- **Ambas as entidades promoveron ao longo deste curso a segunda edición do proxecto Plan de Limpeza 2015-2016 no que participaron os 310 alumnos do instituto arteixán.**
- **Previamente á entrega de premios os alumnos realizaron a plantación dunha árbore con motivo da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente e emitiron un programa de radio especial.**

A subdirectora de Persoas e Organización da Refinería da Coruña, Dácil Suárez, e a directora do IES A Pastoriza, Antonia Pascual, entregaron esta mañá no centro educativo os premios do concurso de limpeza e reciclaxe nas aulas do Plan de Limpeza 2015-2016.

Ambas as entidades promoveron ao longo deste curso a segunda edición deste Plan no que participaron os 310 alumnos do instituto arteixán, quen puido desenvolver a súa creatividade, capacidade de traballo en equipo e respecto ao medio ambiente.

Os galardóns, divididos en tres categorías, foron outorgados a 1º E.S.O. A por a Aula Máis Limpa, 3º E.S.O. A por a Aula en Mellor Estado de Conservación, e 4º PMAR (Programa de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento) e 4º PDC (Programa de Diversificación Curricular) pola Aula Máis Ordenada.

Dácil Suárez explicou durante a súa intervención que esta colaboración entre ambas as entidades atópase dentro do compromiso do complexo industrial coa contorna máis próxima onde Repsol desenvolve a súa actividade.

### **O Plan de Limpeza 2015-2016**

Esta iniciativa ten como obxecto concienciar ao alumnado da importancia e necesidade de ter unha contorna limpa, sensibilizar á comunidade educativa da cantidade de residuos que se xeran nun centro, tomar conciencia de que os residuos poden ser reutilizados a través de novos hábitos de consumo e de impacto ambiental e potenciar a idea de que pequenas accións provocan grandes cambios.

Este plan desenvolveuse en dous ámbitos: as patrullas de limpeza formadas por 150 alumnos voluntarios encargados de fomentar e comunicar durante os recreos condutas correctas de limpeza nas instalacións, e o concurso de limpeza e reciclaxe nas aulas no que participaron todos os alumnos do centro que se responsabilizaron do estado de conservación das clases e do desenvolvemento de propostas de melloras.

Como incentivo pola participación no Plan de Limpeza 2015-2016 os alumnos voluntarios das patrullas gozarán dunha xornada educativa en Cerceda.

### **Día Mundial do Medio Ambiente**

Previamente á entrega de premios os alumnos do centro realizaron a plantación dunha árbore con motivo da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, que terá lugar este domingo, 5 de xuño. Trátase dun liquidámbar americano de máis de 3 metros de altura que desde hoxe forma parte das instalacións do centro educativo.

Ademais, dentro da celebración os alumnos prepararon un programa de radio especial sobre o medio ambiente que foi emitido en directo desde a emisora do instituto.